

A entrega do galardón literario coincidirá co acto de clausura da semana cultural o día 29

Eduardo Estévez gaña o premio de poesía Eusebio Lorenzo de Dodro

A banda de música de Visantoña abrirá mañá o programa de actividades do municipio

Uxía López

DODRO

■ *Caderno apócrifo da pequena defunta* é o longo título do poemario distinguido onte en Dodro con XV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón. O xurado elixiu a obra de Eduardo Estévez por unanimidade, entre as dezasete que se presentaron a esta edición, unha cifra por debaixo á doutros anos. O autor recibirá 2.260 euros, ademais de ver publicado o traballo dentro da Colección de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, de Edicións do Castro.

A entrega terá lugar o vindeiro domingo 29 de decembro, no CPI que leva o nome do autor de Laíño nun acto que suporá o punto e final a unha semana de actividades culturais organizadas polo Concello de Dodro.



X. G.

A banda de música de Visantoña abrirá mañá o programa de actividades culturais da vila

O programa arranca mañá coa actuación da Banda de Música de Visantoña, ás oito da tarde. Xa o mércores, ás sete, haberá un espectáculo de maxia e ilusionismo a cargo do mago Richard. Tamén haberá teatro, o xoves 26 ás oito e media da

tarde co grupo A Mámoa, que levará a escena a obra *Nós, elas e o duende*. O venres 27 tócalles o turno á rondalla da Agrupación Carlos Seijo mentres que o sábado actuará o grupo de teatro de Padrón, coa obra *Un cuartito de hora*. A semana cul-

tural conclúe o domingo coa actuación da Coral Polifónica de Laíño, as pandereteiras O Valo de Manselle e o Liceo Marítimo de Rianxo. Haberá servizo de autobuses para facilitar a asistencia dos veciños do municipio de Dodro.